

Estatística de pensións e outras prestacións. Ano 2002


COMUNICADO

No ano 2002 o número de pensións contributivas en vigor en Galicia incrementouse nun 0,86%

En Galicia, o número de pensións contributivas en vigor a 31 de decembro do 2002 era de 682.668, 5.791 pensións máis que no ano 2001.

En Galicia, o número de pensións contributivas en vigor a 31 de decembro do 2002 era de 682.668, das que 251.936 contabilizábanse na provincia da Coruña, 123.939 en Lugo, 110.451 en Ourense e 196.342 en Pontevedra. O importe medio por pensión en Galicia era de 432,81 euros, cantidade inferior á media española que se situaba en 519,36 euros/pensión. Por provincias A Coruña e Pontevedra sitúanse por riba da pensión media galega (458,18 euros e 452,08 euros respectivamente) mentres que Lugo e Ourense teñen unha pensión inferior (392,22 euros e 386,23 euros).


Se analizámo-los resultados por clases de pensións, temos que máis do 60 % das pensións correspóndense con pensións por xubilación, seguidas (con preto do 25 %) das pensións de viuvez e polas pensións de incapacidade permanente (case un 9%).




Segundo réximes, o xeral é o réxime no que están inscritas o maior número de pensións de Galicia

O 37,15 % das pensións contributivas en vigor a 31 de decembro de 2002 en Galicia correspóndense coas pensións do réxime agrario (253.590 pensións) mentres que baixo o réxime xeral o número de pensións en vigor representan o 37,76 % (257.782 pensións). Polo

que respecta ó réxime agrario, a tendencia destes últimos anos amosa unha clara redución na súa representatividade, pasando de ser o 48,85 % das pensións no ano 1990 ó 38,10 % no ano 2001 e ó 37,15 % no ano 2002 . Se comparamos Galicia con España temos que no caso español o réxime xeral constitúe o 55,5% das pensións mentres que o réxime agrario unicamente representa o 19,74 %.



Por provincias pódese observar como A Coruña e Pontevedra amosan unha distribución moi similar e así, as pensións do réxime agrario supoñen unha porcentaxe (sobre o 30 %) inferior á porcentaxe de pensións do réxime xeral (sobre o 40%) ademais de ter unha porcentaxe significativa (sobre o 10 %) de pensións ligadas ó réxime especial do mar. As provincias de Lugo e Ourense aseméllanse tamén entre si e presentan o maior número de pensións no réxime agrario (en Lugo este réxime representa máis da metade das pensións) seguido do réxime xeral.



O número de beneficiarios da renda de integración social de Galicia no ano 2002 era de 4.310

En decembro de 2002, 4.310 beneficiarios recibiron a renda de integración social de Galicia, 47 beneficiarios menos que no ano 2001. Ademais da RISGA, 54.281 beneficiarios galegos

recibiron pensións non contributivas da Seguridade Social, 4.323 axudas LISMI e 792 axudas do FAS. A distribución por provincias da RISGA, das pensións non contributivas do sistema da Seguridade Social e das axudas LISMI é moi similar e así, as provincias da Coruña e Pontevedra son as que maior número de beneficiarios recollen mentres que Lugo e Ourense son as que menos, amosando porcentaxes similares entre si pero moi afastadas das porcentaxes das provincias da Coruña e Pontevedra. As axudas do FAS distribúense maioritariamente na provincia da Coruña (que recolle sobre o 60 % dos beneficiarios) mentres que no resto de provincias o número de beneficiarios é moi similar.

No ano 2002 en Galicia o número de beneficiarios das prestacións familiares por fillo a cargo era de 73.002

No ano 2002 en Galicia, o número de beneficiarios das prestacións familiares por fillo a cargo era de 73.002 (un 4,99 % menos que o número de beneficiarios en decembro de 2001), o que supuxo un importe total, no mes de decembro, de 12.802.904 euros. Destes 73.002 beneficiarios practicamente o 77 % (56.505 beneficiarios) correspóndense con prestacións por fillos a cargo sen minusvalía, o 6 % (4.150 beneficiarios) a prestacións por fillos a cargo cunha minusvalía maior do 33 %, o 11 % (7.814 beneficiarios) a prestacións por fillos a cargo cunha minusvalía maior do 65 % e o 6 % (4.533 beneficiarios) a prestacións por fillos a cargo cunha minusvalía maior do 75 %. Por provincias, Pontevedra e A Coruña son as que maiores beneficiarios presentan (27.591 e 26.515 beneficiarios respectivamente) seguidas cunha cuarta parte do número de beneficiarios por Lugo e Ourense (10.213 e 8.683 beneficiarios).

Para máis información:

<http://www.ige.xunta.es>

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es